

# FAT CITY

John Huston, 1972

# 1404

ESTREA EN NUMAX: 08.11.2024 | V.O.S.E. | 96 min

En Stockton, cidade de California, un veterano púxil en decadencia que sobrevive traballando como xornaleiro agrícola, coñece a un mozo que quere ser boxeador e a quen lle recomenda o seu antigo mánager, outro perdedor. Fat City é unha expresión da xerxa puxilística que significa Paraíso na terra.

«Unha película que conmove ata o máis fondo. O final é un dos máis fermosos da historia do cinema»

Miguel Ángel Palomo, EL PAÍS



## Un pequeno milagre de gran cinema

Por Andrés Nazarala

John Huston, mestre de Hollywood responsable de clásicos como *O falcón maltés* (1941) e *O tesouro de Sierra Madre* (1948), pasaba por un mal momento en termos de recoñecemento a inicios dos 70. Perdera o compás e o seu gusto polo alcol non axudaba. A atención dos medios centrábase agora nos ambiciosos novos creadores do Novo Hollywood como Coppola, Scorsese, Bogdanovich, Spielberg, De Palma, Lucas, Ashby.

Nese momento crúzase no seu camiño a novela *Fat City*, publicada en 1969 por Leonard Gardner. As súas páxinas ulían a alcol, tabaco, suor e hoteis de mala morte. Huston tivo sempre unha predilección especial polos antiheroes que buscan a súa identidade e convidou ao propio Gardner a encargarse do guión. Unha paréntese, ninguén fala nunca do gusto de Huston polas adaptacións literarias a pesar de seren pedra angular da súa sorprendente e irregular filmografía, na que adaptou a Dashiell Hammett (*O falcón maltés*), Herman Melville (*Moby Dick*, 1956), Romain Gary (*As raíces do ceo*, 1958), Rudyard Kipling (*O home que puido reinar*, 1975), Flannery O'Connor (*O sangue sabio*, 1979), Malcolm Lowry (*Baixo o volcán*, 1984) ou James Joyce (*Dublínenses*, 1987).

Stacy Keach está entre os derrotados máis entrañables da historia do cinema. En *Fat City* interpreta a Tully, un boxeador que tivo tempos mellores. Agora vive nun hotel decadente e pasa boa parte do seu tempo a beber nun bar ou adestrando na YMCA para non perder por completo a súa identidade. É aí onde coñece un boxeador mozo chamado Ernie (Jeff Bridges) que aparentemente o ten todo para triunfar. Gardner racha co primeiro lugar común. Cando pensamos nunha historia do estilo *Million Dollar Baby* (2004) de boxeador no ocaso axudando o aspirante, as expectativas tórcense. Tully non axuda directamente o mozo senón que o convida a visitar o seu vello adestrador. A trama avanza entón en dúas vías: por unha banda contará o camiño do mozo puxilista cara ao boxeo profesional; pola outra o via crucis dun Tully que namora dunha alcólica chamada Oma (unha fantástica Susan Tyrell) e soña con saír do pozo facendo as cousas ben.

A estas alturas xa intuimos que temos fronte a nós unha radiografía da masculinidade que fala de derrotas, sacrificios, decepcións, segundas oportunidades e, finalmente, dos rumbos da existencia e a forza destrutora da inercia. Huston, vía Gardner, opta por non tensar as historias baixo unha estrutura narrativa clásica. O camiño é ben minimalista, unha observación das traxectorias de personaxes que baixan e soben lonxe de calquera tipo de moralismo. A sobriedade visual vai da man dun marabilloso exercicio de *underacting* no que brilla especialmente Stacy Keach. A diferenza doutros filmes sobre o boxeo, *Fat City* non presenta o deporte como a perdición dos personaxes nin tampouco como un campo de batalla cargado de épica. Só hai persoas que tratan de dar o mellor de si mesmas no seu camiño cara á morte. Diso, precisamente dos vermes, reflexiona Tully nunha das escenas máis brillantes do filme.

*Fat City* ten menos de *Rocky* (John G. Avildsen, 1976) que de Raymond Carver. Huston encontra a beleza en medio do *american way of life*. A súa énfase non está nas dinámicas deportivas senón en breves intres que funcionan como postais en si mesmas: Tully na procura insistente dun encendedor; o vello adestrador espertando na medianoite para lle contar á súa muller que coñeceu un prometedor boxeador; Oma fundida nunha cama mentres reflexiona se debiera comer un bisté con chicharos ou non; Arcadio Lucero baixando lentamente dun bus Greyhound directo ao triunfo... ou á derrota. É dicir, a vida mesma. *Fat City* é un pequeno gran milagre do cinema.